

Quen debe efectuar a cotización?

Con carácter xeral, están obrigados a cotizar os empresarios e os traballadores comprendidos no campo de aplicación do Réxime Xeral que realicen a súa actividade por conta daqueles.

O responsable do **ingreso das cotas** é o empresario, que deberá ingresar a súa propia achega e a dos seus traballadores.

O empresario reterá o importe da cota do traballador, no momento de facerlles efectivas as retribucións aos traballadores.

Se non o realiza neste momento, o empresario estará obrigado a ingresar a totalidade das cotas ao seu exclusivo cargo.

As bases de cotización -máxima e mínima- para as distintas continxencias, correspondentes ao grupo de cotización da categoría profesional do traballador, serán publicadas anualmente, no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo de que a Tesourería Xeral edite follas informativas máis detalladas sobre estas cuestións.

O CONTIDO DESTE FOLLETO INFORMATIVO TEN CARÁCTER ORIENTATIVO E NON VINCULANTE

PARA UNHA INFORMACIÓN MÁIS DETALLADA ACUDA Á DIRECCIÓN PROVINCIAL DA TESOURERÍA XERAL OU A ADMINISTRACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL MÁIS PRÓXIMA AO SEU DOMICILIO OU UTILICE O SERVIZO DE XESTIÓN E ATENCIÓN TELEFÓNICA AO CIDADÁN.

DIRECCIÓN PROVINCIAIS


	C. POSTAL	ENDEREZO
ÁLAVA (Vitoria)	01004	C/ Postas, 42-A
ALBACETE	02002	Avda. de España, 27
ALICANTE	03005	C/ Enriqueta Ortega, 2
ALMERÍA	04007	C/ Fuente Victoria, 2
ÁVILA	05001	Avda. Portugal, 4
BADAJOS	06002	C/ Ronda del Pilar, 10
I. BALEARS (P. Mallorca)	07003	Rambla dels Ducs de Palma de M., 18
BARCELONA	08007	C/ Aragón, 273-275
BURGOS	09002	C/ Andrés Martínez Zatorre, 15-17
CÁCERES	10001	Avda. de España, 14
CÁDIZ	11008	Avda. Amílcar Barca, 5
CASTELLÓN	12003	Plaza Juez Borrull, 14
CIUDAD REAL	13001	Avda. Rey Santo, 2
CÓRDOBA	14008	Avda. Ronda de los Tejares, 23-25
A CORUÑA	15005	C/ Federico Tapia, 52-54
CUENCA	16001	Parque de San Julián, 7
GIRONA	17005	Avda. Josep Tarradellas i Joan, 3
GRANADA	18001	C/ Gran Vía de Colón, 23
GUADALAJARA	19001	C/ Carmen, 2
GUIPÚZCOA (S. Sebastián)	20010	Paseo Podavines, 3
HUELVA	21001	C/ Puerto, 50
HUESCA	22003	C/ San Jorge, 34 y 36
JAÉN	23009	Avda. de Madrid, 70
LEÓN	24002	C/ Cinco de Octubre, 20
LLEIDA	25004	C/ Salmerón, 14-16
LA RIOJA (Logroño)	26001	C/ Sagasta, 2
LUGO	27001	Plaza del Ferrol, 11
MADRID	28036	C/ Agustín de Foxá, 28-30
MÁLAGA	29007	C/ Ingeniero de la Torre Acosta, 5
MURCIA	30009	C/ Ortega y Gasset, s/n
NAVARRA (Pamplona)	31003	Avda. Conde Oliveto, 7
OURENSE	32003	C/ Concejo, 1
ASTURIAS (Oviedo)	33007	C/ Pérez de la Sala, 9
PALENCIA	34003	Avda. de la Antigua Florida, 2
LAS PALMAS	35004	C/ Pérez del Toro, 89
PONTEVEDRA (Vigo)	36201	Avda. García Barbón, 36-1º
SALAMANCA	37001	Paseo de Canalejas, 129
SANTA CRUZ TENERIFE	38003	Avda. José Manuel Guimerá, 8
CANTABRIA (Santander)	39002	Avda. Calvo Sotelo, 8
SEGOVIA	40001	Plaza Reina Doña Juana, 1
SEVILLA	41018	C/ Pablo Picasso, s/n
SORIA	42001	C/ San Benito, 17
TARRAGONA	43003	C/ Rambla Nova, 84
TERUEL	44001	Paseo de la Glorieta, 1
TOLEDO	45001	Plaza San Agustín, 3
VALENCIA	46002	Avda. Marqués de Sotelo, 8-10
VALLADOLID	47004	C/ Gamazo, 5
VIZCAYA (Bilbao)	48011	C/ Gran Vía, 89
ZAMORA	49012	Avda. de Requejo, 23
ZARAGOZA	50008	Avda. de las Torres, 22
CEUTA	51001	C/ Real, 20
MELILLA	52001	C/ General Marina, 18
SERVICIOS CENTRALES	28007	C/ Astros, 5 y 7. Madrid

**HORARIO DE ATENCIÓN
AO PÚBLICO EN OFICINAS**
De 9 a 14 horas
de luns a venres.

ATENCIÓN TELEFÓNICA PERSONALIZADA
De luns a xoves: de 9 a 14 e de 16 a 18 horas
Venres: de 9 a 14 horas.
901 50 20 50

Internet: www.seg-social.es

TRABALLADORES DO RÉXIME XERAL



**Folleto
informativo**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
E INMIGRACIÓN

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



TESOURERÍA XERAL
DA SEGURIDADE SOCIAL

O propósito deste folleto informativo é proporcionarlle ao interesado información doadamente comprensible sobre os aspectos máis relevantes da materia tratada neste. Non obstante, deberase ter en conta que o seu contido só lle dá unha visión xeral de conxunto. Non é exhaustivo, e non pode ser considerado como unha declaración vinculante sobre algún caso concreto.

Que persoas están comprendidas no Réxime Xeral?

Os traballadores por conta allea, maiores de 16 anos que prestan os seus servizos a empresas dedicadas á actividade industrial ou á actividade de servizos, calquera que sexa a modalidade de contratación.



Que é a afiliación?

É o acto administrativo polo que unha persoa é incluída no Sistema da Seguridade Social, adquire a condición de **AFILIADO** e recibe o documento de afiliación á Seguridade Social (tarxeta da Seguridade Social).

No documento de afiliación aparece o **número da Seguridade Social que ten carácter único e vitalicio** independentemente dos cambios que poidan producirse na situación laboral do traballador.

Como e cando se comunica a alta dun traballador?

O empresario está obrigado a solicitar a ALTA dos seus traballadores na **Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social** máis próxima ao seu domicilio ou utilizando o **SISTEMA RED**.

O modelo de solicitude de ALTA **deberá presentarse con carácter previo** ao inicio da prestación de servizos do traballador.

A ALTA presentada con posterioridade considerase **fóra de prazo**.

Cando una persoa se incorpore **por primeira vez** ao mercado de traballo, a empresa contratante deberá solicitarlle a **AFILIACIÓN** á Seguridade Social, sempre que non se lle teña xa asignado número de Seguridade Social.



Cando producen efectos as altas?

A ALTA produce efectos dende o día en que inicia a actividade o traballador, tanto no dereito ás prestacións como na obriga de cotizar.

As ALTAS atrasadas ou presentadas **fóra de prazo** só terán efectos dende o día en que fosen presentadas.



Como e cando se comunican as baixas dos traballadores?

A BAIXA do traballador deberá presentarse na **Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social** dentro dos seis días naturais seguintes ao do cesamento no traballo.

A presentación da BAIXA extinguirá a obriga de cotizar dende a data de cesamento no traballo sempre que se comunicara en prazo e forma.



Que é a base de cotización?

A base de cotización para todas as continxencias e situacións comprendidas na acción protectora do Réxime Xeral da Seguridade Social, virá determinada pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que mensualmente teña dereito a percibir o traballador ou asimilado, ou a que efectivamente perciba, de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea.

Á devandita base aplícanse os tipos de cotización establecidos e obtense a cota ou importe para pagarlle á Seguridade Social.

